

**CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E
ASTRAZENECA FARMACEUTICA SPAIN, S.A., PARA O DESENVOLVEMENTO DA
ESTRATEGIA GALEGA DE ATENCIÓN AOS PACIENTES EN CONDICIÓNS CRÓNICAS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade formalizou coa entidade AstraZeneca Farmacéutica Spain, S.A., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa firma (23 de febreiro de 2017), e o seu obxecto terá lugar ao longo do ano 2017 e todo o ano 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

En desenvolvemento do convenio marco asinado o 16 de febreiro de 2015, o obxecto deste convenio específico é a colaboración para a elaboración final e implantación efectiva da Estratexia Galega da Cronicidade, e para a consecución do seu deseño definitivo, pilotaxe e avaliación en resultados de impacto en saúde e económico correspondente a este último. Así mesmo a colaboración específica abarcaría a presentación pública desta aos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Neste sentido, unha das liñas de actuación prioritarias é a atención á cronicidade precisando a concreción dunha estratexia galega coherente ás necesidades específicas da poboación e

adaptada as súas necesidades específicas e actividades dirixidas á mellora da súa mellor atención asistencial. A atención á cronicidade precisa que sexa implantada a través dun “Plan de Enfermidades Crónicas” que supón a definición dunha estratexia consensuada dentro da organización de como debe ser a atención sanitaria aos pacientes crónicos; posteriormente precisa, para a súa posterior implantación e avaliación de consecución de resultados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.